

## **VECIÑANZA LAMENTA QUE A TORPEZA DO GOBERNO LOCAL DE CUNTIS DESPERDICIARA INNECESARIAMENTE MÁIS DE 600.000 € NO VIAL DA RAN**

- *De non ser pola perda inicial da subvención do Plan de Reequilibrio Territorial de 2017, o Concello de Cuntis disporía hoxe de máis de 600.000 € para poder adicar a outros fins, e o vial do Polígono Industrial estaría acondicionado dende fai meses. Agora, ademais, inclúe un modificado do proxecto máis ca sospeitoso, segundo apuntan os informes técnicos*
- *O custo de humanizar o vial do Polígono non será unicamente o que paguemos de factura, senón todos os investimentos que podendo ser dedicados a outros fins teñen que ser destinados a tapar buratos negros desta obra*

Cuntis, 30 de xuño de 2020

---

A semana pasada, a Comisión de Contas do Concello de Cuntis ditaminou unha nova solicitude de fondos á Deputación de Pontevedra para a humanización do vial do Polígono Industrial. **Trátase dunha obra que leva absorbido unha cantidade inxente de recursos públicos debido á extraordinaria torpeza na xestión por parte do Goberno Municipal do PSOE.** A seguir, presentamos un esquema do percorrido desta obra:

- Setembro de 2017: o Pleno da Corporación aprobaba o proxecto denominado “Humanización do viario do Polígono Industrial da Ran e viveiro de empresas en Meira”. O proxecto que o Concello de Cuntis presentaba para optar á subvención do Plan de Reequilibrio Territorial da Deputación de Pontevedra quedaba excluído por incumprimento das bases (799.101,62 € perdidos).
- En setembro de 2018, o Concello de Cuntis adica o Plan DepoRemse ao mesmo proxecto, que para adaptalo ás necesidades da subvención reformula baixo o novo título de “Remodelación e mellora da seguridade viaria do polígono industrial” (499.162,80€)
- Adica tamén 55.462,53 € do POSS 2018/19, da Deputación de Pontevedra.
- A obra “Remodelación e mellora da seguridade viaria do polígono industrial” adxudicouse o 24 de xaneiro de 2020 á empresa Construcciones Obras e Viais SA (Covsa) por un importe de 526.339’44 € (IVE incluído), supoñendo unha baixa de 28.285’89 € sobre o prezo de licitación (un 5%).
- O 24 de maio a empresa solicitou unha modificación do proxecto debido a que “durante a fase de execución da obra detéctanse unhas necesidades de actuacións que deben ser



*incluídas*". Segundo se pode ler tanto no informe de Secretaría como no que presenta a empresa: "O presuposto total do modificado (SEN IVE) tendo en conta a baixa é de 505.337,49 €, isto supón un aumento do 16,17 % con respecto ao contrato inicial sen IVE (434.991,27 €)". Este modificado contén un total de 6 intervencións que, segundo os argumentos dados pola empresa, resultaban IMPREVISTAS no momento inicial.

- Este modificado do proxecto conta con dous informes técnicos de Secretaría en contra, e un reparo de Intervención por falta de crédito.
- Para suplir esta carencia, o Goberno Municipal de Cuntis decidiu sacrificar outra axuda máis da Deputación para tapar os buratos negros desta obra: o 22 de xuño solicita 56.833,03 € con cargo ao Plan Concellos 2020.

En resumo: **de non ser pola perda inicial da subvención do Plan de Reequilibrio Territorial de 2017, o Concello de Cuntis disporía hoxe de máis de 600.000 € para poder adicar a outros fins, e o vial do Polígono Industrial estaría acondicionado dende fai meses.** Todo isto, contemplando un modificado do proxecto máis ca sospeitoso, segundo apuntan os informes técnicos. **Polo camiño quedou a idea da construción dun viveiro de empresas na vella unitaria de Meira, que desapareceu da axenda e das promesas do Alcalde.**

Se reparamos na tramitación e execución deste proxecto temos un exemplo da diferenza entre o que publicita o Goberno Municipal do PSOE de Cuntis e o que realmente hai se afondamos na xestión. Perda de subvencións, cambios de proxecto para executar unha mesma idea, informes técnicos en contra, modificacións sospeitosas e pouco argumentadas, falta de crédito e consumo esaxerado de recursos públicos por ineficiencia na xestión. **O custo de humanizar o vial do Polígono non será unicamente o que paguemos de factura, senón todos os investimentos que podendo ser dedicados a outros fins teñen que ser destinados a tapar buratos negros desta obra.**

Velaquí un resumo das cantidades desta obra:

799.101,62	Plan de Reequilibrio Territorial 2017	p e r d i d a
199.775,41	fondos propios	n o n e x e c u t a d a
499.162,80	DepoRemse	c o n c e d i d a
55.462,53	POSS 18-19	c o n c e d i d a
526.339,44		adxudicación da obra (IVE incluído)
505.337,49		presuposto do modificado (sen IVE)
56.833,03	Plan Concellos 2020	s o l i c i t a d a
611.458,36		custe final (incluída baixa proporcional)

